



BASES CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “VEN E DESCUBRE” "MARÍA JOSÉ CAYADO"(CHECHÉ)

1. O Concurso de Fotografía Ven e Descubre “M^a José Cayado” (Cheché) é promovido pola concellería de Servizos Sociais do Concello de Oleiros no ano 2017, co obxectivo de recordar a figura e servir de homenaxe a quen durante 20 anos traballou por e para as persoas maiores de Oleiros en diferentes actividades e programas contribuíndo, a través do seu traballo diario cheo de vitalidade, humanidade, bo facer e sentido do humor, ao seu maior benestar.
2. Poden participar no concurso todas as persoas participantes no programa "Ven e Descubre" na edición que se desenvolva cada ano.
3. As fotografías teñen que ser feitas nas distintas rutas e excursións e poderán abordar calquera dos temas relacionados co programa "Ven e Descubre", tanto nos seus valores como no contido das rutas.
4. Cada participante poderá presentar un máximo de 2 fotografías para cada unha das categorías que se convoquen en cada edición. Poderán presentarse fotografías en calquera formato e calidade. As imaxes poderán estar editadas ou non, está permitido calquera edición que altere a imaxe orixinal.
5. As fotografías deberán presentarse en formato físico ou dixital, ben por correo electrónico ou ben directamente nas oficinas de Servizos Sociais, sempre acompañadas dun formulario de participación no que se recolla: nome e apelidos, teléfono, categoría á que opta, título da fotografía e ruta na que foi realizada.
6. O prazo de admisión das fotografías concluirá o 11 de outubro de 2017.
7. Haberá un único premio en cada unha das seguintes categorías:

Categoría “Ven e Descubre”: premiará aquela fotografía que recolla o espírito e os valores do programa, representados no estilo de vida activo e saudable, no fomento das relacións interpersoais, na aprendizaxe continua e no respecto polo entorno. Estará subdividido en dúas modalidades:

- **“Ven e Descubre” excursionismo:** premio de fin de semana turístico e recordo conmemorativo
- **“Ven e Descubre” sendeirismo:** premio de fin de semana rural e recordo conmemorativo

Categoría “Natureza e paisaxe”: premiará a fotografía cunha temática sobre os entornos naturais que se visitan, as paisaxes, a súa fauna e a súa flora. O premio será un recordo conmemorativo.

Categoría “Sabor a historia”: premiará a fotografía que mellor recolla a temática da edición do 2017. O premio será un recordo conmemorativo.



CONCELLO DE
OLEIROS

> SERVIZOS SOCIAIS

8. Os premios non serán en metálico, serán en especie, e o Concello de Oleiros ingresará na Axencia Tributaria o 15% correspondente ao importe do seu valor no nome da persoa premiada.
9. O xurado estará composto por persoas relacionadas co mundo da fotografía e da imaxe e comunicación, así como por algunha persoa que participe nas rutas dende a organización. Estará presidido polo/a concelleiro/a de Servizos Sociais do Concello de Oleiros e actuará de secretaria a técnica responsable do programa dentro do Departamento de Servizos Sociais, con voz pero sen voto.
10. Os premios non serán acumulativos, polo que non poderán recaer na mesma persoa. Por este motivo o xurado escollerá ata catro fotografías por cada categoría, adjudicando os premios na seguinte orde: “Ven e Descubre excursionismo”, “Ven e Descubre sendeirismo”, “Natureza e paisaxe” e “Sabor a historia”
11. No momento de valorar as fotografías as persoas que compoñan o xurado con capacidade de decisión verán as fotos unicamente co seu título, descoñecendo ao seu autor ou autora.
12. A decisión do xurado se comunicará nun acto público no mes de novembro no auditorio de A Fábrica no que se fará entrega dos premios.
13. As persoas participantes ao concurso aceptan as bases e autorizan ao Concello de Oleiros os dereitos de reprodución e comunicación pública das obras nos seguintes termos: o dereito de reprodución aos efectos de realizar carteis publicitarios e insercións na prensa, en exposicións, catálogos, folletos así como na páxina web, redes sociais e campañas do Concello.
14. As bases da convocatoria poderán ser consultadas na web do Concello de Oleiros www.oleiros.org ou ben solicitalas por correo electrónico no seguinte enderezo: e.rodriquez@oleiros.org